

## **BASES DE SELECCIÓN DUN MONITOR DE PINTOR:**

1.- A selección levarase a cabo mediante concurso de méritos, e unha entrevista persoal, e poderán presentarse tódalas persoas que o desexen, reúnan os requisitos xerais para o acceso ao emprego público conforme ao Estatuto Básico do Empregado Público (Ley 7/2007) e estean en posesión de:

a) Nivel académico: titulación universitaria ou, no seu defecto, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionada co curso.

b) Experiencia profesional: deberá ter 3 anos de experiencia con dominio na aplicación de todo tipo de acabados.

c) Nivel pedagóxico: será necesario ter formación metodolóxica ou experiencia docente.

2.- As persoas interesadas nesta contratación deberán presentarse no Concello de Vilagarcía o día 3 de xuño, ás 10 h. para participar nunha entrevista, debendo aportar/entregar os candidatos/as no mesmo acto:

- Fotocopia compulsada do D.N.I.

- Xustificante da titulación esixida.

- Currículum vitae e xustificantes dos méritos que aleguen para ser valorados polo Tribunal. Con relación- resumo dos mesmos segundo o baremo recollido nas presentes bases.

3.- A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidente/a: Un funcionario de carreira do Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Vocais: (3): Tres empregados/as municipais.

- Secretaria/o: A do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán posuír grao de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, alo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así



mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e toma os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio, categoría primeira.

4.- O Tribunal avaliará os méritos que aleguen os aspirantes, debidamente xustificados, conforme o seguinte baremo:

1 - Por titulación universitaria relacionada coa ocupación do curso, 1 pto.

2 - Por servizos prestados como pintor:

- na Administración Pública: 0,5 puntos por cada ano de traballo.
- en Institución ou empresa privada: 0,25 puntos por cada ano de traballo.

o Ata 2 puntos como máximo.

3.- Por cursos impartidos de formación ocupacional relacionados coa actividade:

- En institucións públicas, 1 pto. por cada 100 h. impartidas.
- En institucións privadas, 0,5 pts. por cada 100 h. impartidas.

o Ata 3 puntos como máximo.

4 - Por asistencia a cursos, publicacións, becas, premios, estudos, traballos de investigación, etc), serán avaliados polo Tribunal da seguinte forma:

- En materias relacionadas coa pintura (0.10p por curso de 8 horas), ata un máximo de 1 punto.
- Por ter o Curso de Aptitude Pedagóxica ou o Curso de Formador de Formadores, 2 puntos. (Avaliarase soamente un destes.)



5 - Por te-lo curso de iniciación á lingua galega (CELGA 3): 0,50 puntos. No caso de te-lo curso de perfeccionamento (CELGA 4), puntuarase globalmente con 1,00 puntos.

5- A entrevista persoal versará sobre o currículum vitae presentado e coñecementos en relación ó servizo e traballos a realizar, e será avaliada polo Tribunal ata un máximo de 10 puntos.

6.- A cualificación da proba selectiva será a suma das puntuacións obtidas por cada aspirante no concurso de méritos e na entrevista, e o Tribunal propondrá para a súa contratación ó aspirante que acadara a maior puntuación global. Así mesmo formulará lista ordeada dos candidatos coa que se formará unha bolsa de traballo.

7.-O aspirante que resulte seleccionado comezará a prestar servizos o día que se lle indique pola Alcaldía.

8.- Para o caso de que o aspirante seleccionado rexeitase a contratación ou renunciase posteriormente procederiase a realizar o ofrecemento segundo a orden da lista resultante do proceso de selección.

Vilagarcía de Arousa, 26 de maio de 2010.

A Alcaldesa-Presidenta

A Secretaria Xeral

M<sup>a</sup> Dolores García Giménez

Rosa Losada Suárez